

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 4 de xullo de 2006

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill

### NON ASISTEN:

D. José Manuel Couto Pérez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día catro de xullo de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(903).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia desta reunión.

#### **2(904).- APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REHABILITACIÓN DAS OBRAS DE ADAPTACIÓN DO ANTIGO EDIFICIO DA COMANDANCIA MILITAR E CESIÓN DO SEU ANEXO PARA A SEDE INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN EN VIGO. EXPTE. 17822/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, 4.07.06, conformado polo secretario xeral e polo primeiro tenente de Alcaldía, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- As entidades locais, no ámbito das súas competencias e para o cumprimento dos fins públicos ós que atende, teñen plena capacidade xurídica para a adquisición, posesión ou alleamento de toda clase de bens, así como a celebración dos convenios, acordos, contratos e calesquera outros negocios xurídicos, con outras entidades de dereito público ou de dereito privado (art. 5 LRBRL).*

*A concertación de convenios entre entidades de dereito público, ou de Protocolos xerais de colaboración, como no presente caso, atópase prevista no artigo 6.4 da LRXAP e PAC, ó sinalar que cuando os convenios limitense a establecer pautas de orientación política sobre la actuación de cada administración nunha cuestión de interés común o a fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración nun área de interrelación competencial o nun asunto de mutuo interés, denominaranse Protocolos Xerais.*

*Neste mesmo senso a LPAP, en relación á xestión do patrimonio das administracións públicas, e dacordo cos principios que presiden as súas relacións interadministrativas, entre outros, ó de liberdade de pactos sobre os bens e dereitos patrimoniais, prevé a posibilidade de celebrar os contratos, convenios e demais negocios xurídicos para a consecución de interese público e nas condicións e termos que teñan por conveniente sempre que non sexan contrarias ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración (artigos. 111, 183, 186 e 187 da LPAP).*

*SEGUNDO.- O Protocolo ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a posta a disposición da Deputación de Pontevedra dun edificio para sede do Organismo na cidade de Vigo, estimándose axeitado a ditos fins o coñecido como Anexo sito na rúa Oporto nº 3. Asímesmo contempla as bases que regularan a execución dunha obras de adaptación do edificio da “Comandancia Militar” para os servizos do Concello de Vigo.*

*Dos termos nos que desenvolveranse as actuacións que teñen por obxecto, procede salientarse a colaboración da Deputación nas devanditas obras de adaptación, facendose cargo na totalidade do seu coste. E por outra banda a vontade deste Concello de levar a cabo os tramites procedimentais pertinentes, consonte a normativa reguladora do patrimonio das AAPP, para posibilitar a posta a disposición da Deputación, de xeito gratuito, o dereito ó uso do edificio Anexo, co fin de que instale unha sede da institución nesta cidade.*

*O Protocolo prevee un prazo de seis meses, prorrogable por tres mais, para acadar os seus fins, estando prevista a creación dunha Comisión Mixta interadministrativa paritaria que vele polo seu desenvolvemento.*

*TERCEIRO.- Corresponde á Xunta de Goberno local a competencia para o coñecemento e aprobación do texto a asinar entre ambas as dúas administracións, conforme o disposto no artigo 127.1f) da LRBRL.*

*Por todo o exposto, previo informe favorábel da Asesoría Xurídica sobre a conformidade e adecuación do presente Protocolo ó ordenamento xurídico vixente PROPONSE á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Prestar aprobación ó texto do Protocolo de Colaboración a asinar entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dacordo co texto que se transcribe de seguido.*

*2.- Autorizar á Excm. Sra. Alcaldesa á sinatura do Protocolo aprobado, e de todos aqueles documentos que sexan precisos para a súa execución.*

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO.**

*En Vigo, a            de 2006*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, a Sra. Dna. Corina Porro Martínez, Excm. Alcaldesa do Concello de Vigo.*

*Doutra, o Sr. D. Rafael Louzan Abal, Excmo. Presidente da Deputación de Pontevedra.*

*Comparecen ambas partes en nome e representación das súas respectivas Entidades, recoñecéndose mutuamente a capacidade xurídica suficiente para a sinatura deste Protocolo de Colaboración, e a tal efecto*

#### **EXPOÑEN**

*PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é titular dos edificios colindantes coñecidos como “Comandancia Militar” e “Anexo” sitos nos nº 46 da Rúa Areal e nº 3 da Rúa Oporto, respectivamente, desta cidade de Vigo, que na actualidade atopanse sen utilización.*

*SEGUNDO.- O Concello ten previsto levar a cabo obras de adaptación do edificio da Comandancia Militar, a fin de poder adicalo, nun futuro próximo, como edificio administrativo dos órganos de goberno da entidade.*

*TERCEIRO.- A Deputación, como Organismo que desenvolve asuas competencias no ámbito territorial da Provincia, na que a cidade de Vigo e comarca constituen unha porcentaxe moi alta da poboación destinataria dos servizos que presta, estima de interes xeral a posta en funcionamento dunha sede da Institución na cidade olívica que permita un achegamento desta os cidadans, facendo mais doada asuas relacións.*

*CUARTO.- Considerando de interés común a ambas Administracións acadar ditos fins, que permita dipoñer, no mesmo ámbito, de dous edificios administrativos colindantes, coa conseguinte beneficio para os cidadans e mellora nas relacións interinstitucionais, estiman conveniente o inicio das actuacións conducentes a súa realización consonte as seguintes*

#### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- Constitue o obxecto do presente Protocolo establecer o marco de colaboración para a posta a disposición da Deputación de Pontevedra dun edificio para sede do Organismo na cidade de Vigo, así como a realización das obras de adaptación do edificio coñecido como “Comandancia Militar” para os servizos do Concello de Vigo.*

*SEGUNDA.- O Concello de Vigo comprometese a elaborar e aprobar, unha memoria valorada das obras de adaptación a executar no edificio da Comandancia Militar sito na Rúa Areal nº 46 desta cidade, por un importe estimado de DOUSCENTOS CUARENTA MIL EUROS (240.000 EUROS).*

*TERCEIRA.- A Deputación Provincial de Pontevedra colaborará na realización de ditas obras, asumindo na súa totalidade a financiación destas, e executaranse tralos tramites administrativos e orzamentarios pertinentes.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comprometese a instrucción do correspondente procedemento, para a cesión gratuita do dereito de uso do edificio “Anexo” sito na Rúa Oporto nº 3 na cidade de Vigo, dacordo coa normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas, a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, para sede desa Institución.*

*QUINTA.- Prevese un prazo de seis meses, prorrogable por tres meses máis, para a realización das actuacións obxecto do presente Protocolo.*

*SEXTA.- Para velar polo correcto desenvolvemento deste Protocolo, establécese a constitución dunha Comisión Mixta, integrada por representantes das dúas Administracións, en composición paritaria, encargada do seu seguimento.*

*SETIMA.- O presente Protocolo, previa aprobación polos órganos competentes das Administracións asinantes, entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da sinatura, e estenderá a súa vixencia mentres dure o fin que o motiva, salvo renuncia expresa por calquera das partes intervintes.*

*E en proba de conformidade co estipulado, as partes intervinientes asinan o presente por triplicado no lugar e data indicados ó comenzo.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local, visto o precedente informe, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó texto do Protocolo de Colaboración a asinar entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, transcrito nos antecedentes deste acordo, no que deberá incluírse o compromiso da Deputación Provincial de responsabilidade dos gastos de conservación e mantemento do edificio que se lle cede.

2º.- Autorizar á Excma. Sra. Alcaldesa á sinatura do Protocolo aprobado, e de todos aqueles documentos que sexan precisos para a súa execución.

### **3(905).- APROBACIÓN DA MEMORIA DAS OBRAS DE ADAPTACIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da memoria do proxecto de adaptación do antio edificio do Rectorado en rúa Areal como sede de Servizos municipais do Concello de Vigo, de data 23.06.06, asinada polo arquitecto municipal Sr. Abia Alonso, que di o seguinte:

#### *“ANTECEDENTES:*

*En el mes de abril del presente año quedó liberado y a disposición del Aytº, como dueño por cesión del Ministerio de Defensa en el año 1990, el antiguo edificio de Capitanía General situado entre las calles Arenal y Oporto, siendo posteriormente cedido al Rectorado de la Universidad para adaptarlo como edificio administrativo.*

*Siguiendo instrucciones directas de Alcaldía se elabora la presente memoria valorada sobre el alcance de las obras necesarias para adaptarlo como sede definitiva de diversas dependencias municipales que se encuentran actualmente en el edificio del Aytº de la Pza. del Rey.*

*El edificio compuesto de 3 plantas y aprovechamiento bajo cubierta tiene una superficie total construida de 3.062 m2.*

*Los cerramientos son de sillares de cantería de buena factura aunque posteriores arreglos desconchones y el hecho de mantener zonas revestidas, que por el envejecimiento y la polución mantienen la apariencia de la piedra, desaconsejan su limpieza, al menos hasta el momento en que se cuente con el presupuesto adecuado.*

*La estructura esta formada por forjados de hormigón sobre muros de carga perimetrales y en los que conforman los dos patios interiores cubiertos. La cubierta se remata en teja árabe aparentemente en buen estado a la espera de comprobación de humedades.*

**MEMORIA:**

*Dado el nivel de adaptación como edificio puramente administrativo no se hace necesario obras de Remodelación de dependencias, por ello la configuración actual responde perfectamente a las necesidades que se requieren.*

*Las obras necesarias serán las siguientes:*

*Albañilería: Se contempla exclusivamente la apertura de un hueco en formación de mostrador que permita la ubicación de los servicios de conserjería para la atención al público en planta primera. retirada de cortavientos en planta baja y finalmente aperturas de rozas y ayudas a los demás oficios.*

*Pintura y decoración: Contempla la pintura de la totalidad de techos y paramentos, así como la colocación de papel pintado en diversas dependencias. Se pretende el lijado y barnizado de los suelos de corcho que no se encuentren excesivamente deteriorados.*

*Por ultimo se recoge la renovación de todas las cortinas del edificio, dado su mal estado.*

*Carpintería: Contempla la colocación de nuevos zócalos, retirada y adaptación de mamparas existentes y formación del mostrador de conserjería.*

*Estudio de Ahorro energético: Como es norma municipal, previo al diseño de las nuevas instalaciones, se elaborará un estudio por parte de la oficina municipal al efecto con el fin de coordinar las diferentes energías utilizadas para el maximo aprovechamiento y ahorro futuro.*

**Instalaciones:**

- 1. Electricidad: Contempla la sustitución de la totalidad de la instalación incluyendo nuevas luminarias y mecanismos.*
- 2. Fontanería: En principio se mantiene la existente, a la espera de su comprobación, manteniéndose una partida de renovación de grifería.*
- 3. Voz y datos: Contempla la sustitución de la totalidad de la instalación incluyendo las conexiones con el Aytº por medio de fibra óptica.*
- 4. Seguridad: contempla la colocación de un arco de seguridad así como diversas medidas propuestas por empresa especializada.*
- 5. Informática: Contempla la instalación de nuevos equipos necesarios para los puestos de trabajo que se solicitan.*
- 6. Aire acondicionado: Contempla la instalacion de equipos independientes necesarios para el nivel de confort que se requiere al menos en planta primera.*
- 7. Escudo exterior: Contempla la retirada del antiguo y su sustitución por el oficial de la ciudad incluyendo grúas, andamios y mano de obra especializada.*
- 8. Mobiliario: En principio se plantea el aprovechamiento del existente y el de las dependencias que se trasladen. Existe una nueva partida para el suministro de nuevo mobiliario en despachos representativos.*

**VALORACION:**

*El montante total de la obra asciende a la cantidad de 240.000 euros repartidos según los siguientes presupuestos:*

1. *Albañilería: 6.000. -euros*
2. *Pintura, decoración y mobiliario: 115.000. - euros*
3. *Instalaciones (Elect. , Font. , AA, Inform. , Voz-datos y Seguridad.) :95.000. - euros*
4. *Carpintería: 9.000. - euros*
5. *Escudo: 15.000. – euros”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente memoria.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez